

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ENTIDADE XUNTANZA DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE CATALUÑA PARA A CELEBRACIÓN DOS ACTOS CONMEMORATIVOS DOS 50 ANOS DA EMIGRACIÓN EN CATALUÑA.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar un convenio coa Entidade Xuntanza de Asociacións Galegas de Cataluña por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022.

Que a Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrência pública, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que o interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na magnitude dos actos a desenvolver, e o que estes representan para a colectividade galega que reside en Cataluña.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A entidade Xuntanza de Asociacións Galegas de Cataluña, está inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galegitude, na procura e o fomento da unión das persoas galegas residentes en Cataluña e dos seus descendentes.

Esta entidade ten por obxecto promover e difundir a cultura, a lingua, a historia e as tradicións de Galicia, a través de medios de comunicación oportunos e actos culturais, folclóricos, gastronómicos, formativos literarios e das artes escénica. Organizar cursos de aprendizaxe e coñecemento da lingua e da historia propias de Galicia. A creación e mantemento de escolas e grupos de música, baile e teatro galegos. Así como, promover e potenciar a creación da Aula Cultural galego-catalá co obxectivo de tender pontes, realizar actos comúns e do mutuo coñecemento dos ambas culturais, un espazo no que compartir actividades, proxectos de interese común.

Na procura do seu obxecto está organizar, xunto con tódalas demais asociacións e entidades galegas de Cataluña, o proxecto que denominan "Unha Xeración. Dous Mundos", como homenaxe á Galicia en Cataluña, 50 anos de galegitude comprometida (1970-2020), que pretenden mostrar no Gran Teatro del Liceu, o próximo día 10 de decembro, consistente nunha gran gala de teatro musical como homenaxe extraordinaria a tódolos galegos emigrantes que deixaron Galicia con destino á aquela comunidade e que crearon os alicerces da realidade que viven hoxe



os que alí permanecen e os seus descendentes, na que se vexan reflectidos eses dous mundos que sufriu ó longo de mais de 50 anos.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración coa Xuntanza de Asociacións Galegas de Cataluña para a celebración de dito proxecto. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral de Emigración achegará unha contía global de vinte mil euros (20.000 €) con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

